



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA DE VEXETACIÓN DOS TERREOS.

De conformidade co que dispón a Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia no artigo 170 e facendo uso das competencias que atribúe ós concellos a Lei 7/1985 do 2 de abril e concretamente os seus artigos 4, sobre potestade regulamentaria e os artigos 25.2 e 26 sobre servicios mínimos de competencia municipal, establécese a ordenanza sobre a limpeza de vexetación dos terreos.

ARTIGO 1. DEBER DE CONSERVACIÓN

1.- Os propietarios dos terreos calificados como solo urbano, zonas de uso residencial e núcleos rurais tradicionais fixados no PXOU deberán mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, con suxeición ás normas sobre protección do medioambiente.

2.- A estes efectos, as condicións de seguridade cúmprense cando os terreos estean limpos, rozados ou desbrozados, sen maleza e biomasa forestal, susceptible de producir risco de incendios, ademais de manter os peches en perfecto estado.

As de salubridade cando o terreo en cuestión non sexa utilizado como recuncho de lixo ou acopio de materia orgánica con perigo para a sanidade pública.

E a de ornato para que éstos non sexan utilizados como almacén de inertes, desguazes ou depósitos de restos de obra ou maquinaria que se poidan ver desde espazos públicos ou de interese turístico ou paisaxístico, ou puderan ser susceptibles de ocasionar perigo para o público.

3.- O deber de conservación nos termos sinalados nos dous parágrafos anteriores, afecta igualmente ás superficies de terreos que disten menos de 20 m. daqueles sinalados no apartado un.

4.- A concorrencia de dos ou mais propietarios na titularidade dos terreos determinará que queden solidariamente obrigados, en cuio caso, o Concello poderá esixirlles a calquera deles o cumprimento íntegro do deber de conservación, incluídas as obrigas resultantes de execución forzosa. Con aplicación das multas carecitivas e execución subsidiaria.

ARTIGO 2. DEFINICIÓNS

1.- A os efectos desta ordenanza terán a consideración de biomasa forestal obxecto de desbroce as herbas e arbustos cuia lonxitude superen o metro de altura, así coma certas especies arbóreas cuia disposición nunha parcela supoñan risco de propagación do lume.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

2.- O desbroce ou tala, segundo o caso, efectuarase sobre a totalidade da herba e do matorral e sobre coníferas cuia densidade poda supor risco de propagación do lume.

3.- A biomasa obtida no proceso de corte da mesma debe ser retirada da superficie ou apilada no lugar mais afastado da edificación mais próxima existente cando menos, a 10 metros da mesma.

ARTIGO 3. ORDEN DE EXECUCIÓN

1.- O Concello ordenará, de oficio ou a instancia de calquera interesado, a limpeza dos terreos para conservar as condicións ás que fai referencia o artigo 1º desta ordenanza con indicación do prazo de realización.

2.- A orden de execución fixará o prazo para o cumprimento do ordenado libremente tomando en consideración tódalas circunstancias concurrentes: risco de incendio, superficie, proximidade a vivendas habitadas e outras.

3.- Antes de dictar a orden de execución cos fins indicados deberá emitirse un informe polos servizos técnicos municipais xustificando a necesidade da actuación e darlle audiencia ao interesado.

ARTIGO 4. EXECUCIÓN SUBSIDIARIA OU FORZOSA

1.- Transcorrido o prazo a que se refire o artigo anterior sen que os afectados cumpran o ordenado o Alcalde procederá á execución forzosa, lo de apercibimento, mediante a imposición de multas coercitivas das que a contía oscilará entre os 300,51 euros, xustificando o seu importe en función das circunstancias que concorran, todo isto sen prexuízo da apertura, se é o caso, do oportuno expediente sancionador.

2.- En calquera caso, a contía mínima da multa coercitiva é de 300,51 euros para superficies de terreo igual ou inferior a 1.000 metros cadrados. Para terreos de maior superficie a contía incrementarase a razón de 0,42 euros por metro cadrado ata acadar un máximo de 3.005,06 euros.

3.- A imposición de estas multas reiterarase ata a completa execución do ordenado, agás que o Concello opte en calquera momento pola execución subsidiaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor despois da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da provincia e transcorrido o prazo de quince días, segundo se dispón no artigo 70.2 e 60.2 da Lei 7/1985, do dous de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.